

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 11/12/2020 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.1. Aprobación das bases do I Concurso de decoración navideña de xanelas, balcóns, fachadas, peches e fincas do Concello de Toén (Exp. 419/2020)

O alcalde dálles conta aos membros da Xunta de Goberno Local do borrador de bases que rexerán o I Concurso de decoración navideña de xanelas, balcóns, fachadas, peches e fincas do Concello de Toén.

A achega económica do Concello para os premios previstos na base 5ª farase baixo a modalidade de concesión directa prevista nos artigos 22.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Toén. O alcalde xustifica a concesión directa no interese social que supón a promoción dunha actividade cultural de mantemento da tradición do Nadal entre os/as veciños do Concello.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros presentes na sesión e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 16/06/2020 (BOP nº 151, do 03/07/2020), ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases do I Concurso de decoración navideña de xanelas, balcóns, fachadas, peches e fincas do Concello de Toén que se reproduce como anexo a este acordo. As bases publicaranse na páxina web do Concello www.toen.es e distribuiranse anuncios informativos polo termo municipal nos puntos de información de costume.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente aos premios, por importe de 150,00 €, en concepto de subvención nominativa ás persoas que resulten gañadoras do concurso, baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello, por razón do interese social e cultural da actividade. A subvención satisfarase con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do vixente orzamento municipal do exercicio 2020.


ANEXO

BASES DO 'I CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA DE XANELAS, BALCÓNS, FACHADAS, PECHES E FINCAS DO CONCELLO DE TOÉN' (EXP. 419/2020)

1. PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas empadroadas no Concello de Toén maiores de idade que teñan vivendas no termo municipal con xanelas, balcóns, fachadas, peches ou fincas que sexan visibles desde o espazo público.

Concello de Toén



Non poderán participar os/as concelleiros/as da Corporación, os/as empregados/as municipio nin os/as familiares dos/as anteriores/as de primeiro grao en liña descendente ou ascendente.
Cada persoa só poderá participar cunha xanela, balcón, fachada, peche ou finca.
Para que os premios non queden desertos será imprescindible que exista un número mínimo de 5 persoas participantes.

2. TEMÁTICA E CRITERIOS DE VALORACIÓN

Poderán participar todas as xanelas, balcóns, fachadas, peches ou fincas con decoración navideña no termo municipal de Toén que sexan visibles desde o espazo público. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo, sempre que a temática xire en torno ao ambiente de Nadal.

Os criterios a valorar son os seguintes: creatividade, orixinalidade, combinación de elementos e cores, iluminación e composición, e motivos empregados para a decoración.

3. INSCRIPCIÓN

Todas as persoas interesadas en participar, deberán inscribirse nas dependencias do Concello de Toén ata o día 23/12/2020.

Deberán achegar unha fotografía da xanela, balcón, fachada, peche ou finca que presenta a concurso, en papel ou en formato dixital a través do correo electrónico concello.toen@eidolocal.es, indicando 'I Concurso de decoración navideña de xanelas, balcóns, fachadas, peches e fincas do Concello de Toén' (Exp. 419/2020); e identificar a súa situación exacta.

4. SELECCIÓN DAS OBRAS

Un xurado nomeado pola Alcaldía seleccionará as 2 xanelas, balcóns, fachadas, peches ou fincas premiadas.

O fallo do xurado será inapelable, podendo declarar deserto todos o algún dos premios previstos.

Sobre a base da acta do xurado, a Alcaldía mediante unha resolución outorgaralles os premios ás persoas gañadoras do concurso con identificación da denominación, DNI e importe do premio.

O resultado do concurso farase público o día 29/12/2020.

5. PREMIOS

O importe dos premios será o seguinte:

- 1º premio: 100,00 €.
- 2º premio: 50,00 €.

Os premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria ás persoas premiadas, previa presentación dunha declaración responsable, debidamente cuberta e asinada pola persoa solicitante, na que se faga constar que non está incurso en prohibición para ser beneficiaria de subvencións e que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

6. COMPROMISOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

As persoas participantes comprometeranse a expoñer a decoración navideña da xanela, balcón, fachada, peche ou finca que sexa visible desde o espazo público ata o día 06/01/2021.

Todas as persoas participantes comprometeranse a aceptar a decisión do xurado.

A participación no concurso conleva a cesión a favor da organización, por parte das persoas concursantes, dos dereitos de reprodución e exposición sobre as obras presentadas, sempre e cando se empreguen para a promoción do Concello de Toén e sempre sen ánimo de lucro.

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. As persoas participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)

